

BOLETÍN DE IGUALDADE

Publicación mensual da Unidade de Igualdade



Mariscadoras de Poio.

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

Unidade de Igualdade

Edificio Ernestina Otero 1º andar
Campus universitario
Vigo-36310
igualdade@uvigo.gal
986 813 419



CONTIDO

AXENDA.....	3
FORMACIÓN.....	3
CONGRESOS E SEMINARIOS	5
CONVOCATORIAS	6
SUXESTIÓNS	6
RECURSOS.....	10
NOVAS DO DUVI.....;¡ERROR! MARCADOR NO DEFINIDO.	
NOVAS.....	13
DATOS.....	16
FERRAMENTAS DE IGUALDADE	17

MARZO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
9	26	27	28	29	1	2	3
10	4 Día Internacional de Concienciación sobre o VPH	5	6	7	8 Día Internacional das Mulleres	9	10
11	11	12	13	14 Día Mundial da Endometriose	15	16	17
12	18	19	20	21	22	23	24
13	25	26	27	28 Xoves Santo	29 Venres Santo	30 Día Internacional das Traballadoras do Fogar	31

AXENDA

8M. Día Internacional das Mulleres

- **Ata o 4 de marzo.** Concurso de fotografías A Muller de Hoxe. Na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense. Ata as 23:59h.
- **Primeira semana de marzo.** Mural de fotografías. Escola Enfermería Meixoeiro.
- **Primeira semana de marzo.** 8 mulleres do 8M. Nas redes sociais da Facultade de Belas Artes.
- **6 de marzo.** As mulleres á escena: reflexións e experiencias desde unha perspectiva feminista. No salón de graos da Facultade de Filoloxía e Tradución. 10:00h.

- **7 de marzo.** Acto institucional do Día Internacional das Mulleres. Sala I do Edificio Miralles ás 13:00 h. O acto tamén se poderá seguir por streaming a través de UVigo TV. Nel entregarase o XII Premio de compromiso coa igualdade de xénero da Universidade de Vigo Uviguala á iniciativa ElasFanCienTec.



Peneirando as desigualdades
Cara a un horizonte feminista

- **12 de marzo.** Presentación da Guía Perspectiva de Xénero no Ámbito Tecnolóxico e Industrial. No Auditorio do CINTECX. 11:00h.
- **20 de marzo.** Entrega dos premios do concurso de fotografía Mulle_RME A Muller na profesión de Minas e Enerxía e proxección da curtametraxe *Diferencias* (Isabel Alberro, 2017). Na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. 13:00h.

FORMACIÓN

Curso violencia sexual e atención. Detecta o acoso sexual na túa contorna. (ES/VAL) [+Info](#)

Webinar: Abordando as carencias do liderado académico. (EN) [+Info](#)

Xornada «Muller, despoboamento e mundo rural» do Observatorio de la Despoblación de Guadalajara. (ES) [+Info](#)

Homes comprometidos pola igualdade nas administracións públicas – INAP. (ES) [+Info](#)

12ª Edición dos Cursos da Escola Virtual de Igualdade do Instituto de las Mujeres. (ES) [+Info](#)

Repertorio de cursos para dominar ferramentas dixitais. (ES) [+Info](#)

Violencia Económica de Xénero 2024 Ecovio Educa. (ES) [+Info](#)
A sesión terá lugar o 13 de marzo ás 18:30 h. É necesaria inscrición previa.

Protexer ás mulleres da violencia en Europa (EN) [+Info](#)

Capacitación en xénero de ONU Mulleres [+Info](#)
Oferta de cursos en liña para facer cadaquén ao teu ritmo en español, inglés, francés e árabe.

Saúde internacional das mulleres e dereitos humanos (EN) [+Info](#)

***Gender Analytics*: Equidade de xénero a través da especialización en deseño inclusivo** (EN) [+Info](#)

Visualización do traballo das mulleres: empregando medios artísticos para a xustiza social (EN) [+Info](#)

Sexuando o lenzo: arte e xénero (EN) [+Info](#)

IV Ciclo de Seminarios Conversatorios sobre Masculinidades, Xénero e Igualdad (ES) [+Info](#)

Tecnoloxías para cambiar o mundo. Hackfeminismos, redes sociais e tecnopolíticas contra o capitalismo [+Info](#)
Os contidos das sesións están dispoñibles en acceso libre a través de arquivos de audio.

CONGRESOS E SEMINARIOS

Congreso Mulleres, Ciencia e Tecnoloxía WSCITECH23 (ES/CAT) [+Info](#)

IV Congreso Internacional Ciencia, Feminismo e Masculinidades [+Info](#)
O 1 e 2 de marzo en formato 100 % híbrido, presencial e virtual, na Universitat de València.

European Conference on Politics and Gender: Avanzando cara a unha ciencia política feminista antirracista en Europa [+Info](#)
Organizada por Advancing Political Science, o European Consortium for Political Research na Ghent University do 8 ao 10 de xullo de 2024.

IV Congreso internacional CreadorAS na educación literaria e intercultural (CICELI) [+Info](#)
Do 11 ao 13 de xullo en Alacante.

CONVOCATORIAS

Oferta de praza en prácticas de un ano na Delegación de Goberno contra a Violencia de Xénero no marco do Programa Primeira Experiencia Profesional en Administracións Públicas. (ES) [+Info](#)

Convocatoria de propostas para promover a igualdade de xénero dentro do Programa Cidadanía, Igualdade, Dereitos e Valores (CERV). (EN) [+Info](#)

Convocatoria de propostas para previr e combater a violencia de xénero e a violencia contra a infancia dentro do Programa Cidadanía, Igualdade, Dereitos e Valores (CERV). (EN) [+Info](#)

Premio DTIC Enxeñaría UPF para investigadoras no ámbito das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) (ES) Aberto ata o 4 de abril. [+Info](#)

Recepción de artigos para *iQual. Revista de Xénero e Igualdade* (ES) [+Info](#)

Recepción de orixinais para o monográfico «Análises feministas do turismo: reflexión desde o sur», *Clepsydra. Revista Internacional de Estudos de Género y Teoría Feminista*. (ES) [+Info](#)

Convocatoria de propostas de investigación para monográfico sobre a ensinanza de linguas e literaturas a través dunha perspectiva de xénero. Ambigua: revista de Investigacións sobre Xénero e Estudos Culturais (ES) [+Info](#)

Convocatoria de artigos sobre sexisme e *genderwashing* na academia e alén. (EN) [+Info](#)

Asparkía Xénero e creación dixital [+Info](#)

Aberto o período de envío de artigos e reseñas ata o 31 de abril, en español, inglés e catalán.

SUXESTIÓNS

O pasado 1 de xuño entrou en vigor o dereito laboral á incapacidade laboral por menstruación. A SEGO (Sociedad Española de Ginecología y Obstetricia) indica que o 50 % das persoas menstruantes sofren dismenorrea, é dicir, dor menstrual severa, e que un 10 % están incapacitadas entre 1 e 3 días para o traballo. Porén, non calquera con esta condición pode acollerse á incapacidade, senón que cómpre ter un diagnóstico de dismenorrea secundaria, definida pola mesma sociedade como «dor menstrual asociada a patoloxías pélvicas como endometriose, adenomiose, miomas uterinos, pólipos endometriais, enfermidade pélvica inflamatoria, estenosis cervicais primarias ou despois da cirurxía uterina, malformacións uterinas e conxestión pelviana». Desde a implantación da baixa menstrual, foron rexistradas 717 baixas.


A incapacidade é retribuída desde o primeiro día a cargo da Seguridade Social, de forma que quen se ataña a ela cobra un 60 % do salario. Antes, pedir a baixa supoñía a perda salarial

durante os tres primeiros días. Hai que ter en conta que as baixas por menstruación rara vez duran máis estes tres días.

Como tantas cousas vencelladas á muller, a menstruación sempre estivo estigmatizada como consecuencia da misoxinia e a superstición. O tabú provocou moito descoñecemento que se estende ata hoxe. Isto é comprobable, por exemplo, cunha busca en PubMed, A Biblioteca Nacional de Medicina dos Estados Unidos. Mentres que para a palabra clave «dysmenorrhea» atopamos 879 resultados, para «alopecia» -unha condición que afecta maioritariamente aos homes pero sen consecuencias incapacitantes- aparecen 2 783. No curso do [Itinerario Formativo Virtual en Xénero](#), impartido por Diana Valverde Pérez e Paloma Morán, dise que:

«A medicina clínica actual decote nesga a visibilidade dos diagnósticos máis comúns nas mulleres, desde a falta de recoñecemento dos trastornos relacionados coa menstruación na adolescencia ata a amplificación das consecuencias naturais da menopausia». [+Info](#)

A continuación achegamos una lista de recursos e obras relacionadas co ciclo menstrual:



[Neste capítulo](#) de *Las hijas de Felipe*, podcast de Carmen Urbita e Ana Garriga, podemos escoitar una perspectiva histórica da regra a partir do tratado médico de Juan de Barrios, o misóxino Levítico 15, a visión en primeira persoa de Lady Elizabeth Delaval e as *trends* de Tiktok.

Tamén *Carne Cruda* dedica un [programa](#) a dar voz a profesionais da saúde, divulgadoras e autoras que traballan sobre o ciclo menstrual, como María Zuil Navarro e Antonio Villarreal, que escribiron [La mitad que sangra](#), [Carmen Valls](#), [Anna Freixas](#) e [Xusa Sanz](#).

No cine, o período foi un recurso moi empregado para filmes de terror con protagonistas femininas como representación do terror aos cambios da puberdade: [Carrie](#) (Brian de Palma, 1976), [IT](#) (Andy Muschietti, 2017)... Nesta ocasión recomendamos [Ginger Snaps](#), una película do ano 2000 dirixida por John Fawcett na que se liga o ciclo menstrual á licantrópía mantendo os códigos do cine adolescente. [+Info](#)



[Padman](#) (R. Balki, 2018) é unha biopic con toques de humor sobre Arunachalam Muruganatham. O protagonista creou e difundiu o uso dunha compresa sanitaria de baixo coste, enfrontándose ao

tabú da menstruación na India e ás prácticas antihixiénicas instauradas. [+Info](#)

Sobre o mesmo feito e con máis peso da experiencia das mulleres, Rayka Zehtabchi dirixiu en 2019 o documental *Period. End of Sentence* [+Info](#)




Seguindo co xénero documental, *Red cunt* (Toti Baches, 2021) trata sobre o estigma e o oscurantismo da menstruación. [+Info](#)

E o terceiro documental que recomendamos é *Pandora's box: Lifting the Lids of Menstruation* (Rebecca Snow, 2019). Esta produción da empresa creadora da Diva Cup busca crear conciencia sobre a pobreza menstrual e a igualdade ao redor da regra.



Contra a pobreza menstrual, existen iniciativas para proporcionar produtos de hixiene menstrual a mulleres sen fogar e crear conciencia sobre a súa situación como [Tampon Tuesday](#), [Happy Period](#) ou [Menstruar en Calle](#).

Turning red (Domee Shi, 2022) é un filme de animación que segue a historia de Mei, una rapaza de instituto que una noite se transforma nun panda vermello xigante. A obra trata os temas dos cambios da puberdade e a carga da herdanza familiar.

Laura Veiga, xornalista e divulgadora especializada no ciclo menstrual, é a creadora da iniciativa Pingado, mediante a que difunde contido sobre o período en formato vídeo, podcast e pílulas informativas. [+Info](#)




A menstruación como temática e o sangue menstrual como material deixaron pegada na historia das **artes plásticas** da man de mulleres como [Ana Mendieta](#), [Zanele Muholi](#), [Carina Úbeda](#) e [Judy Chicago](#).



Peza da serie Isilumo siyaluma (Zulu: Period Pains) de Zanele Muholi e rexistro da obra Sen Título de Ana Mendieta

Emma Pedreira é una artista plástica e escritora galega cunha ampla traxectoria nos xéneros poético e narrativo. O ciclo menstrual é una temática recorrente na súa obra. Recomendamos una novela e un fanzine desta autora:



[Besta do seu sangue](#), Premio Xerais de Novela nova no 2018, conta a historia de Manuel (na obra tamén Manuela) Blanco Romasanta, o asasino en serie coñecido como «o lobishome de Allariz». A obra segue a tese da súa intersexualidade e céntrase no conflito que ten co seu corpo e a súa identidade.

[Fluir/Fluír](#) e un fanzine de Emma Pedreira e Elena Barrio publicado en versión bilingüe pola editorial independente Glitter Zines. Trata sobre as consecuencias psicolóxicas e sociais da regra para a muller.

A **Asociación Española de Ecoloxía Terrestre**, xunto coa Asociación Mujeres con los Pies en la Tierra, está a realizar un estudo para avaliar o impacto da menstruación no traballo de campo. Para iso, teñen aberta una enquisa onde podeades compartir as vosas experiencias. [+Info](#)

A **Universidade de Vigo** facilita desde 2021 acceso gratuíto a produtos menstruais. En cada escola e facultade hai instalado un dispensador que se activa coa tarxeta universitaria estudantil. Permite escoller entre tampóns e compresas, que se distribúen en caixas de tres unidades, ata un máximo de tres ao mes.

Deixamos por último una pequena **listaxe de libros**:

- *La mitad que sangra*, María Zuil y Antonio Villareal. Libros del K.O. [+Info](#)
- *Letras escarlata: estudos sobre a representación da menstruación*. Editado por Teresa Bermúdez e Mónica Sant'Anna. [+Info](#)
- *Dor menstrual*, Kopano Matlwa. Rinoceronte Editora. [+Info](#)
- *Hemoderivadas*, Ana Llurba. Artistas Martínez. [+Info](#)
- *A froita do coñecemento*, Liv Strömquist. Catroventos Editora. [+Info](#)
- *Bárbaras!: unha achega desenfadada á menstruación para adolescentes diver*s (e non só)*, María Reimóndez. Edicións Xerais. [+Info](#)
- *Nuestra menopausia. Una versión no oficial*, Anna Freixas. Capitán Swing. [+Info](#)
- *Os teus dedos na miña braga con regra*, Lupe Gómez. Edicións Xerais. [+Info](#)
- *Sangrantes*, antoloxía coordinada por Luna Miguel. Origami Ediciones. [+Info](#)
- *A miña menstruación. Rompendo tabús*. Yolanda Rodríguez, Rosana Martínez e María Lameiras. Andavira Editora e Universidade de Vigo. [+Info](#)

RECURSOS

Cómicos feministas do 2023 (ES) [+Info](#)

- *Patos*, Kate Beaton (Norma). [+Info](#)

- *Roaming*, Killian Tamaki e Mariko Tamaki (La Cúpula). [+Info](#)

- *La espera*, Keum Suk Gendry-Kim (Reservoir Books). [+Info](#)

- *La maldición de la sal*, Hope Larson e Rebecca Mock (Roca Editorial). [+Info](#)

- *Mujer vida libertad*, antoloxía coordinada por Marjane Satrapi (Reservoir Books). [+Info](#)

- *Alison*, Lizzi Steward (Errata Naturae). [+Info](#)

Presentación do Estudo de Xénero en Empredemento de I+D+I. (ES) [+Info](#)

A elección de carreira e o seu impacto nas fendas de xénero no mercado laboral.
(EN) [+Info](#)

iQual. Revista de Xénero e Igualdade Num 7. (ES) [+Info](#)

Vídeo da xornada «O impacto da IA no emprego e a fenda retributiva entre mulleres e homes». (ES) [+Info](#)

SomosLasFP- Documentación sobre as mulleres en estudos STEAM. (ES) [+Info](#)

Mulleres en streaming (ES) [+Info](#)

O impacto da violencia de xénero en España: unha valoración dos seus costes en 2016. (ES) [+Info](#)

As imaxes en liña amplifican o nesgo de xénero. (ES) [+Info](#)

***Las rapadas*, María Rosón. Libro completo.** (ES) [+Info](#)

15 principios para unha divulgación científica inclusiva. (ES) [+Info](#)

Diferenzas de sexo no rol de mediación da mobilización política entre a busca do status e a asunción de riscos en adolescentes. (EN) [+Info](#)

Un estudo sobre a identificación da identidade xuvenil desde unha perspectiva de xénero na linguaxe de moda na rede: unha análise crítica do discurso. (EN) [+Info](#)

A visibilidade específica de mulleres do sur global nos medios do norte global.
(EN) [+Info](#)

O poder de internet: desde a perspectiva do poder de negociación das mulleres.
(EN) [+Info](#)

- Asociación entre a retención das mulleres nas en campos STEM e relacionados e as ocupacións e especialidades dos seus cónxuxes. (EN) [+Info](#)
- É hora de falar abertamente sobre menopausia na academia. (ES) [+Info](#)
- Por que te vas? Un estudo sobre o abandono das axencias. (GAL) [+Info](#)
- Estudo sobre a calidade da conciliación da vida familiar e laboral nas relacións colectivas de traballo en Galicia. (GAL) [+Info](#)
- Como é formar parte da minoría nunha conferencia. (EN) [+Info](#)
- Reflexión - Os homes historiadores explícanme cousas. (EN) [+Info](#)
- Mulleres das pedras. Breves biografías dalgunhas xeólogas e paleontólogas que nos precederon.* Libro completo dispoñible para descarga. (ES) [+Info](#)
- Por que marchas? Un estudo sobre o abandono das axencias. (ES) [+Info](#)
- Decálogo para unha comunicación da ciencia con perspectiva de xénero. (GAL) [+Info](#)
- Revista ex æquo número 48. 2023. (ES) [+Info](#)
- Informando de ciencia con ciencia. (ES) [+Info](#)
- Guía para o litixio estratéxico de casos de violencia contra as mulleres na vida pública e política. (GAL) [+Info](#)
- Presente e futuro das políticas de igualdade de xénero na educación superior: contribucións para un desenvolvemento humano e sostible. (EN) [+Info](#)
- Conectando en igualdade: A transformación do futuro tecnolóxico. (ES) [+Info](#)
- Atlas dos obxectivos para o desenvolvemento sostible 2023. (ES) [+Info](#)
- Roles de xénero e coautorías nos hábitos de publicación académica. (EN) [+Info](#)
- Dixitalización das mulleres en América Latina e O Caribe: acción urxente para unha recuperación transformadora e con igualdade. (ES) [+Info](#)
- Diagnóstico das necesidades que demandan as familias beneficiarias do Fondo de Becas Fiscal Soledad Cazorla. (ES) [+Info](#)
- Principais resultados da Presidencia española do Consello da Unión Europea en materia de Igualdade. (ES) [+Info](#)
- Gender On Digital. Journal of Digital Feminism* 1ª edición. Sociedade dixital e negos de xénero [+Info](#)

NOVAS DO DUVI

Expertas reclaman no campus que a Intelixencia Artificial tamén sexa feminista. [+Info](#)

Estudantes de Dirección e Xestión Pública analizarán as políticas de igualdade do Concello de Soutomaior. [+Info](#)



Feira eXXperimenta en Feminino

O museo da muller en México inaugura o percorrido por América Latina dunha exposición que reivindica ás artistas. [+Info](#)

Un corto de animación reivindica a importancia do pracer das mulleres. [+Info](#)

A feira eXXperimenta en Feminino achega a maxia da ciencia a máis de 300 escolares e familias. [+Info](#)

A oitava edición do concurso escolar muller e ciencia premia a rapazada de cinco centros educativos da provincia. [+Info](#)

O campus acollerá o día 16 de febreiro a feira científica e divulgativa eXXperimenta en Feminino. [+Info](#)

A Facultade de Relacións Internacionais organiza unhas xornadas co gallo do Día Internacional da Muller. [+Info](#)

O campus conmemora o Día de Rosalía con música e poesía. [+Info](#)

A desigualdade na industria audiovisual continúa na «era do streamig». [+Info](#)

Os premios Sofía Novoa recoñecen o compromiso coa igualdade de catro tituladas do campus. [+Info](#)

A Unidade de Igualdade subvenciona con 18 000 € as actividades docentes e de sensibilización en materia de xénero. [+Info](#)

O segundo libro na coleccións *Feminismos* denuncia a dura realidade que ten que afrontar o colectivo LGBTIQ. [+Info](#)



O campus de Vigo abre os seus laboratorios a máis de 200 mozas na procura das investigadoras do futuro. [+Info](#)

Grupo de mozas visitando a Escola de Enxeñaría Industrial.

A UVigo rende homenaxe á memoria de Antía Cal no centenario do seu nacemento. [+Info](#)

Vídeos sobre contaminación por microplásticos e sostibilidade da acuicultura gañan o concurso Marie Tharp do CIM. [+Info](#)

10.000 persoas matriculadas en 10 edicións do Itinerario Formativo Virtual en Xénero. [+Info](#)

Arrincan as actividades de celebración do 11F cunha charla interxeracional sobre a a muller na ciencia. [+Info](#)

Unha exposición amosa a traxectoria de 30 mulleres pioneiras da enxeñaría e o seu impacto no desenvolvemento industrial. [+Info](#)

Numerosas actividades divulgativas para conmemorar o Día da muller e da nena na ciencia. [+Info](#)

NOVAS

Pastillas para cortar a regra, partos en tendas de campaña e a proeza de atopar un baño: así viven as gazatís desprazadas. (ES) [+Info](#)

O goberno prohibirá o uso da linguaxe e a perspectiva de xénero na administración nacional. (ES) [+Info](#)

Detidos os «influencers» Los Petazetaz por drogar e agredir sexualmente a catro rapazas menores de idade. (ES) [+Info](#)

Soutomaior e a UVigo, da man pola políticas de igualdade. (GAL) [+Info](#)

O salario medio anual das mulleres cé un 18,7% inferior ao dos homes e catro de cada dez cobra menos que o SMI. (GAL) [+Info](#)

Outras tres mulleres acusan o cineasta Carlos Vermut de violencia sexual. (GAL) [+Info](#)

O campus de Ourense impartirá un curso sobre a abordaxe do uso sexualizado das drogas. (ES) [+Info](#)

Angela Saini, ensaísta: «Esa imaxe prehistórica do home de caza e a muller cos nenos nunca existiu». (ES) [+Info](#)

María Lamas, a fotógrafa que desafiou a Salazar coa súa nación de mulleres descalzas. (ES) [+Info](#)

Claves da condena a Alves: o consentimento non é «unha carta branca» e non é necesaria unha «heroica oposición da vítima». (ES) [+Info](#)

As limpadoras de Lugo vencen á patronal: 130 días de folga para cobrar o salario mínimo. (ES) [+Info](#)

Un corto que reivindica o clítoris e o pracer das mulleres. (ES) [+Info](#)

A ciencia mariña que escriben as mulleres. (ES) [+Info](#)

Unha alumna da UVigo opta ao premio ao mellor traballo final de máster de Caixabank. (ES) [+Info](#)

Os «fachatubers» ao descuberto: un documental mostra as estratexias da rede ultra. (ES) [+Info](#)

A fotógrafa Silvia Marte mostra a violencia obstétrica das *Vulnerables* nos Molinos del Río. (ES) [+Info](#)

Dous anos despois: as mulleres que fuxen da guerra Rusia-Ucrania necesitan máis apoio. (ES) [+Info](#)

A memoria histórica democrática das mulleres na escola. (ES) [+Info](#)

Até 87% das persoas inactivas por facer labores do fogar son mulleres. (GAL) [+Info](#)

A ocupación israelí a xuízo ante a CIJ, mentres un informe documenta violencia sexual por parte das FDI. (ES) [+Info](#)

A violencia machista impacta no PIB: canto custa e por que hai que calcular ese importe. (ES) [+Info](#)

O instituto das mulleres impulsa a creación artística comunitaria en clave de xénero. (ES) [+Info](#)

Fenda de xénero: as nais seguen sufrindo máis que os pais na oficina. (ES) [+Info](#)

Alumnas na FP máis masculinizada: Denisse ía para «estetición» e agora brilla en mecánica industrial. (ES) [+Info](#)

O recorte da fenda salarial estáncase por primeira vez en cinco anos: os homes gañan 5.000 euros máis que as mulleres. (ES) [+Info](#)

A Uvigo conmemora o Día da Muller e a Nena na Ciencia. (GAL) [+Info](#)

Escolares levan ao papel e o vídeo a achega feminina na ciencia. (ES) [+Info](#)

- A Universidade de Vigo abre unha mostra sobre Antía Cal. (ES) [+Info](#)
- A UVigo rende homenaxe á mestra Antía Cal. (ES) [+Info](#)
- A UVigo estuda a presenza das mulleres na industria audiovisual. (ES) [+Info](#)
- Viaxe ao campo de Ravensbrück, o maior bordel do terceiro Reich. (ES) [+Info](#)
- Cando a arte denuncia o acoso na rúa. (ES) [+Info](#)
- As xubiladas cobran 338 euros menos ao meus que os seus pares masculinos. (ES) [+Info](#)
- Dimite a delegada de igualdade de RTVE: «Zorra nin é empoderamento para as mulleres nin feminismo». (ES) [+Info](#)
- A menstruación sae do armario. (ES) [+Info](#)
- A primeira muller cigarrón de Verín volverase vestir 36 anos despois: «Non quería irme deste mundo sen poñer de novo o traxe». (ES) [+Info](#)
- O papel dos homes como aliados da igualdade de xénero en ciencia. (ES) [+Info](#)
- O burato negro que arrastra (sobre todo) as científicas. (ES) [+Info](#)
- O campus pretende achegar os graos de ciencias ás mulleres. (GAL) [+Info](#)
- «A moda non debería ter xénero» (ES) [+Info](#)
- «Isto non é Suecia»: a trampa do home que apoia á muller emprendedora. (ES) [+Info](#)
- «Horas despois do parto, moitas nais en Gaza volven á tenda de campaña onde hoxe viven». (ES) [+Info](#)
- A UVigo adica febreiro a accións divulgativas polo Día da Muller e a Nena na Ciencia. (GAL) [+Info](#)
- Pietro Signorile: «A endometriose é unha enfermidade que afecta a toda a sociedade». (ES) [+Info](#)
- Catro mulleres investigadoras da UVigo compartiron as súas experiencias co gallo do 11F. (GAL) [+Info](#)
- Grafiteiras pintoras e fotógrafas musulmanas para entender o mundo (ES) [+Info](#)
- A academia precisa un cambio radical; as nais están listas para abrir o camiño. (EN) [+Info](#)
- Como evitar que a intelixencia artificial falle máis coas mulleres nos diagnósticos médicos. (ES) [+Info](#)

Hai nesgo de xénero na avaliación da investigación? (ES) [+Info](#)

Por que *Barbi* non é válida para Hollywood? De como unha película que recada 1.500 millóns de dólares se segue vendo desde a burla. (ES) [+Info](#)

Varias actrices denuncian por abuso sexual ao cineasta Armando Ravelo. (ES) [+Info](#)

Mulleres e opioides: o risco de engancharse ao tramadol. (ES) [+Info](#)

Tres mulleres acusan ao director de cine Carlos Vermut de violencia sexual. (ES) [+Info](#)

Os dereitos das mulleres e nenas experimentan un retroceso evidente, alerta HRW. (ES) [+Info](#)

A desaparición dunha traballadora nun barco destapa a inacción do CSIC con máis denuncias por acoso sexual. (ES) [+Info](#)

DATOS

Informe Global de Fenda de Xénero 2023 [+Info](#)

Observatorio de Igualdade da UVigo 2023 [+Info](#)

Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

Científicas en Cifras 2023 [+Info](#)

Boletín Estatístico Mensual da Deleg. de Goberno contra a Violencia de Xénero [+Info](#)

Observatorio Igualdade Emprego [+Info](#)

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

Centro de Datos para Defensoras e Defensores de Xénero [+Info](#)

As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas (EN) [+Info](#)

Mapeo do teito de cristal das rexións europeas [+Info](#)

Institucións sociais e índice de xénero (EN) [+Info](#)

FERRAMENTAS DE IGUALDADE



Imaxe do Punto lila virtual dispoñible no espazo web da Unidade de Igualdade en galego e inglés.

Recursos contra as violencias machistas da UVigo [+Info](#)

Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo En [Ourense](#) e [Vigo](#).

CIM- Centros de Información ás Mulleres
Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

- CIM Vigo. Rúa Romil núm. 20
986 293 963
- CIM Ourense. Rúa Ensino núm. 24
988 393 191
- CIM Pontevedra. Praza José Martí
900 119 741 e 986 864 825

Oficinas de atención á vítima (nas tres cidades) [Cita previa](#)

Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas. FEGAMP, 2023 [+Info](#)

APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de VX (ES) [+Info](#)

Guía de actuación fronte á violencia machista [+Info](#)

Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista [+Info](#)

Información do Estado sobre a violencia vicaria [+Info](#)

Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos [+Info](#) Rúa da Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328. Atención ás vítimas: 606 929 137.

Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. [Ano 2024](#)

Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por VX, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. [Ano 2024](#)

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. [Ano 2024](#)

Axudas para a atención integral a persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata. [Ano 2024](#)

Axudas e subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de inserción sociolaboral de mulleres vítimas de violencia de xénero. [Ano 2024](#)

Unha Unión da igualdade: Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025 [+Info](#)

Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)

Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)

